



Xaneiro 2005

Periódico labrego de información
técnica e sindical

Número de rexistro: 980635

T Á B O A

■ Opinión

Memoria sindical dos principais eventos do ano 2004

Fouce recolle neste número a memoria sindical dos principais acontecementos do 2004, que trouxo canda si o cambio de titulares de agricultura na Xunta, Goberno do Estado e Comisión Europea; e varios logros nas demandas labrega. Un relatorio de feitos que deben animar a seguir con firmeza na loita. **Páx. 5**

■ Reportaxe

A Comisión Europea convértese en coadeiro de transxénicos

As últimas decisións unilaterais da Comisión Europea ao autorizar varios transxénicos, en contra dunha maioría de expertos e países, amosan un Executivo Comunitario vasalo da OMC e das industrias manipuladoras. **Páxs. 8 e 9**

■ Aldea Global

A Plan do Viño estatal recolle varias reivindicacións do SLG

Os días 1 e 2 de decembro celebráronse en Compostela as xornadas preparatorias do Plano Estratéxico do Sector Vitivinícola Estatal, que se adaptará á idiosincrasia do sector en Galiza; todo o contrario da Lei do Viño galega presentada por Política Agroalimentaria. **Páx. 10**



Rúa Touro nº 21, 2º, Santiago de Compostela
Tlf. 981 554147 ; Fax 981 572570
e-mail: fouceslg@terra.es
www.sindicatolabrego.com

Publicación subvencionada por:



O SLG pedirá o á Constitución Europea

NON

■ A Carta Magna Europea non recolle as principais reivindicacións dos labregos e labregas da Unión e lexítima unha Política Agraria Común que foi desastrosa para Galiza.

■ A Executiva da CPE mantivo o seu primeiro encontro coa nova Comisaría de Agricultura, e o Goberno comezará este ano a aplicar a reforma da PAC de Fischler. **Páxs. 2 a 4**



O SLG disposto a tomar medidas contra o arquivo do enterramento de vacas en Mesía

A decisión do Xulgado de Ordes de arquivar o caso referente ao enterramento masivo de reses mortas nunha canteira de Lanzá, en Mesía, sentou coma un xerro de auga fría en moitas asociacións veciñais e organizacións agrarias. A Executiva do SLG estu-

diará a cuestión para decidir se toma medidas xudiciais. Asemade, o SLG fixo pública a súa protesta diante deste feito e apoiou a manifestación convocada pola Asociación de Veciños de Lanzá o pasado 29 de decembro. **Páx. 7**



A Xunta obrigará ás explotacións a pagar a retirada de animais mortos

A Xunta de Galiza, no seu afán por privatizalo todo, deixará en mans dunha empresa a retirada de cadáveres de animais que, a partir de agora, deberán ser recollidos para a súa destrución controlada. Como é habitual, a

Xunta non lle consultou a ninguén esta medida e vana impoñer sen máis. Tamén, coma sempre, os máis prexudicados serán labregos e labregas, que terán que pagar do seu peto un servizo que debería ser público. **Páx. 6**

Convocan a maioría das axudas ao agro para o ano 2005

A Consellería de Política Agroalimentaria publicou no Diario Oficial de Galiza, no mes de decembro de 2004, as bases para pedir a maioría das axudas que se conceden ao agro galego. O prazo para pedilas xa

comezou a correr, e algunhas teñen de límite o mes de xaneiro. O SLG xa está preparado para afrontar a tramitación destas subvencións e para ofrecerlle o mellor servizo a afiliados e afiliadas. **Páxs. 13 a 15**





Edita:

Edicións Fouce

Departamento de Publicacións de
Servicios Agrarios e Contables S.L.
CIF: B - 27165646

Coordinación:

Xosé García

Colaboracións: Antón

Sánchez, Carme Freire, Xosé
Antón Ledo, Charo Sánchez,
Xosé Pérez Rei, e Lidia Senra.

Deseño e maquetación:

Xosé García

Sede da redacción:

Rúa Touro nº 21, 2º
Santiago de Compostela
Tif: 981 580449
Fax: 981 572570

Depósito Legal: C-749/88



LOCAIS

SANTIAGO DE COMPOSTELA
Rúa Touro nº 21, 1º. Tif. 981 588532
MELIDE - Praza do Convento nº2
ARZÚA - Rúa Padre Pardo nº24, 1º D
MUXÍA - Antiga autoescola Quintáns
CARBALLO
Rúa Río Sil nº 52, Baixo. 981 703169
MAZARICOS - Bar Jurjo
SANTA COMBA
Rúa Pontevedra, Tif/Fax. 981 880909
ORDES
Rúa Xeneralísimo nº 38, 1º
Tif. 981 682908
PONTE CARREIRA - Bar O Taxista
BETANZOS
Praza da Constitución nº 4, 1º.
Tif: 981 773377
SARRIA
Rúa Nova 60, entrecán. 939 274186
CURTIS
Av. do Xeneralísimo nº 64. 981 786654
MOECHE - Casa Luciano
AS PONTES - Rúa Balsa nº 28
O BARCO - Casa sindical
Tel. 988 321511 / Fax: 988326723
CELANOVA - Rúa Areal nº6, baixo.
VERÍN
Travesía de Sousas nº 20, Galerías
Maga Tif. 988 590438; Fax 988 590439
RIBADAVIA
CIG Casa Sindical. Tif. 988477230
Fax. 988477230
XINZO
Casa Sindical Tif. 988 462547
CASTROCALDELAS
Sala do Sotelo de Castro
MONTEDERAMO
Local da Cámara Agraria
LUGO
Miguel de Cervantes nº47, ent.
Tif. 982 231154
MONFORTE
Local da CIG en AISS. Tif. 982 403005
CHANTADA
Praza do Concello, baixos AISS
Tif/Fax: 982 462103
ESCAIRÓN - Local da Cámara Agraria
RIBADEO
Av. de Galiza nº20, 3º. AISS
Tif/Fax. 982 130615
LOURENZÁ
Av. da Mariña nº11, 1º. Tif. 982 121376
VILALBA - Cidade de Viveiro 1 ent. A.
Tif.982 512431
A ESTRADA - Capitán Bernal nº10, 1º
Tif/Fax 986 573232
AGOLADA - Bar Central
FORCAREI - Casa do Concello
MEIRA - Xeneralísimo 47-49. Edf. Miño
Entrecán E. Tif/Fax: 982 331714
LALÍN -
Arenal nº1, ent 3. Tif. 986 782191
SILLEDA - Avenida do Parque, 32
Centro comercial O Parque, oficina 12
986 580526
TEIXEIRO
Rúa Martínez Pardo nº13, 1º esq
PONTEAREAS
R/ Dario Bugallal nº15, 1º. 986 641508
Martes a xoves, de 10.00 a 13.00
O ROSAL
Rúa Ramón Franco, Edf. Rosales.
Tif. 986 625 394
O SALNÉS
Av. Bouza Matín nº 9, 1º. Barrantes,
Ribadumia. Tif. 986 711825
VIANA DO BOLO
Antigo centro de saúde.

2 / Adro

nº 228
Xaneiro de 2005



O SLG alerta ante os criterios elixidos para aplicar a PAC

Mantén a súa oposición á reforma da PAC e defenderá a aplicación menos traumática para Galiza

O 20 de decembro, a Conferencia Sectorial de Agricultura reunía en Madrid a todas as comunidades autónomas co Ministerio de Agricultura (MAPA) como anfitrión. Sobre a mesa, a aplicación da reforma da Política Agraria

Común (PAC) en España. Os efectos perversos desta reforma poderíanse minimizar segundo como se aplique. Por iso, o SLG xa expresou a súa preocupación por certos criterios elixidos que serán moi prexudiciais para Galiza.

Para o SLG, a reforma da PAC vai ser altamente prexudicial para Galiza, xa que contempla medidas moi nocivas para o desenvolvemento rural e a viabilidade das explotacións labregas como a baixada dos prezos agrarios de cara aos produtores e produtoras, e o desacoplamento das axudas: ambas medidas suporán unha agudización do proceso de peche de explotacións, un luxo que non nos podemos permitir en Galiza despois da sangría sufrida na última década nestes senso. Ademais, estas axudas desacopladas que van dar non compensan en absoluto a caída de prezos. Para o Sindicato Labrego, a renda dos labregos e labregas debe vir a través dos prezos dos seus produtos e non a través das axudas.



Elena Espinosa explicou a aplicación da PAC aos responsábeis autonómicos de Agricultura

O SLG pedirá que o desacoplamento total do leite se aprace ata o ano 2008

O SLG sempre criticou a reforma da PAC que se nos quería impoñer dende Bruxelas e, polo tanto, non agardaba nada positivo da reunión mantida entre o MAPA e as comunidades autónomas. Non embargante, aínda que se admitiron algunhas das reivindicacións defendidas polo Sindicato Labrego, como a defensa dun acoplamento do 100% nas primas para vacas nutrices; outras medidas van supor un forte atranco para a nosa economía agraria. Vexamos algunhas delas:

► A pesares de que o SLG propuxo que se retivese un 10% das axudas para facer unha redistribución orientada a manter as explotacións labregas, nos compromisos do MAPA neste senso non se aclara cal vai ser esa porcentaxe nin os criterios que rexeran o seu reparto.

► Outro dos acordos foi

o de desacoplar a produción de leite das axudas a partir do ano 2006, o cal foi criticado polo SLG como algo totalmente precipitado, sobre todo se temos en conta que a reforma da PAC dá un prazo ata o 2008 para poder adaptar as nosas explotacións a este cambio tan drástico.

► O Sindicato Labrego tampouco

pode estar de acordo cando se propón "a posibilidade de limitar o uso e cesión dos dereitos de axuda ao ámbito da comunidade autónoma onde se orixinaron", xa que isto non permitiría unha redistribución deses dereitos que compensase os desequilibrios entre as distintas zonas do Estado creados pola aplicación das diversas políticas agrarias europeas anteriores; máis ben, esta medida contribuiría a consolidar eses desequilibrios.

Por todo o devandito, o SLG non só mantivo o seu posicionamento en contra desta reforma da Política Agraria Común, que a todas luces será desastrosa para Galiza, senón que, unha vez aceptada por imposición da Unión Europea, denunciou que a reforma se vai aplicar con numerosas eivas que prexudicarán aínda máis do que podíamos prever ás nosas explotacións.



O SLG pedirá o

A Dirección Nacional do SLG, máximo órgano decisorio da organización entre congresos, acordou posicionarse en contra do proxecto de Constitución Europea por ir contra os intereses labregos. A continuación, transcríbese o acordo acadado.

NON á Constitución Europea

"A CONSTITUCIÓN EUROPEA" Posición do Sindicato Labrego Galego

O pasado 10 de decembro a Dirección Nacional do Sindicato Labrego Galego, en reunión ordinaria, debateu en profundidade as seccións 4, 5 e 6 da Constitución Europea, que fan referencia á agricultura e pesca, medio ambiente, e protección dos consumidores.

A Dirección Nacional do SLG é consciente de que, como cidadáns e cidadás, a Constitución Europea tamén afecta aos labregos e ás labregas en todo o seu articulado. Pero, como colectivo organizado sindicalmente, decidimos debater só os apartados que afectan de maneira directa ao exercicio da nosa profesión.

A Dirección Nacional acordou por unanimidade pronunciar-se en contra deste texto constitucional e tamén acordou facer campaña entre os labregos e labregas para que voten non no referendo que vai convocar o Goberno do Estado.

Estas son as nosas razóns:

1.- Non parece de recibo que unha Constitución Europea que, ao noso entender, debería ser unha carta de dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás e dos pobos, consagre o modelo económico e social que debe seguir Europa, condicionando de antemán as decisións que poidan tomar nesta materia tanto a Comisión Europea como o propio Parlamento.

2.- Esta constitución non recoñece os dereitos dos pobos. Nós, como pobo, temos idioma e cultura propios que non son recoñecidos: a forma de producir e de alimentarse tamén forman parte da cultura dun pobo. Nós como pobo vimos reclamando que se nos respecte o dereito á Soberanía Alimentaria. Esta constitución vulnera ese dereito porque non nos permite decidir que política agraria e alimentaria queremos os galegos e as galegas.

Por outra banda, non recoñecer os dereitos dos pobos significa que tampouco se recoñece o dereito que, como labregos e labregas de Galiza, temos a representarnos a nós mesmos diante das institucións europeas.

3.- Nós consideramos a alimentación como un dereito humano básico que ten que ser garantido polos poderes públicos. Esta Constitución considera o mercado de produtos agrícolas exactamente igual ao mercado de calquera outra cousa, deixando que sexan os grandes agronegocios quen definan as regras de mercado en función dos seus intereses financeiros.

4.- Define como obxectivo da Política Agrícola Común o incremento da produtividade agrícola. Isto quere dicir que a Constitución Europea propón que sigan desaparecendo as explotacións labregas, que se continúe co proceso de concentración e deslocalización da produción; que continúen pechando

as pequenas e medianas empresas de transformación e comercialización agrícola; que continúen aumentando a polución do medio ambiente onde se concentra a produción e sigan os desastres por erosión, incendios, etcétera, nas zonas que quedan desertizadas; que se continúe co abaratamento dos custes de produción da alimentación animal, coas consecuencias que xa temos vivido (clembuterol, vacas tolas, etcétera); que continúe a implantación dos organismos xeneticamente manipulados e co patentado de seres vivos para que as nosas explotacións teñan aínda unha maior dependencia dos grandes negocios agro-químico-farmacéuticos. Esta Constitución Europea proponnos un modelo agrario que vai levar ao pobo galego a unha forte dependencia alimentaria.

5.- Deixa totalmente nas mans das empresas a posibilidade de importar materias primas para transformar para a exportación. Isto terá gravísimas consecuencias, tanto para os labregos e labregas da Unión Europea como para os dos países receptores desa exportación. As empresas poderán mercar materias primas para elaborar alimentos onde queiran e ao prezo que queiran. Como labregos e labregas reclamamos o dereito a producir para alimentar ao noso pobo, e este dereito debe ser respectado para todos os pobos do mundo. Nós queremos unha Política Agraria Europea que abandone a prioridade exportadora, que non apoie o mercado especulativo de alimentos, e que estableza uns prezos que cubran os custes e o traballo de produción.

6.- A cuestión ambiental non se aborda dende a perspectiva de resolver os graves problemas ambientais, senón dende a perspectiva de "quen contamina paga". Isto supón que unha grande empresa vai poder contaminar o queira, pois sempre lle vai ser interesante economicamente.

7.- Cuestionamos, así mesmo, que a Unión Europea teña en conta para elaborar a súa política en materia de medio ambiente os datos científicos e técnicos dispoñíbeis, porque cada vez máis estes datos científicos e técnicos proceden de investigacións pagadas polas empresas interesadas e non de investigacións públicas totalmente independentes.

8.- Non recoñece como interlocutores en materia de consulta ás organizacións agrarias europeas.

Como conclusión, o SLG rexeita esta Constitución Europea porque sabemos que outra Política Agraria Común que parta do respecto pola Soberanía Alimentaria é imprescindible e tamén é posíbel. A loita por conseguila está cada día apoiada por máis cidadáns e cidadás en toda Europa. Apoiar este texto constitucional suporía introducir un novo atranco para a elaboración desa nova política agraria que precisa a sociedade, en xeral, e o medio rural en particular.

En Santiago de Compostela, a 22 de Decembro de 2004.

A CPE e a nova Comisaria de Agricultura manteñen o seu primeiro cara a cara

Mariann Fischer Boel foi nomeada responsábel de Agricultura a pesares dos seus intereses privados

A pesares da campaña contra o nomeamento de Mariann Fischer Boel como Comisaria de Agricultura por mor dos seus intereses empresariais nos sectores porcino e azucreiro,

Durão Barroso nomeouna igualmente. A executiva da Coordinadora Labrega Europea (CPE), en representación das 24 organizacións que a integran, transmitiulle á nova titular de Agricul-

tura as principais reivindicacións das explotacións labregas. Ao encontro asistiu o compañeiro Xosé Ramón Cendán, que ten responsabilidades nas executivas do SLG e da CPE.

O encontro entre a executiva da CPE e a nova Comisaria de Agricultura tivo lugar en Bruxelas o pasado 17 de decembro. Nel tocáronse temas como a reforma da Política Agraria Común (PAC), a situación crítica pola que están a pasar moitas explotacións labregas nos 25 países da Unión, o inxusto reparto dos pagos directos ou o desenvolvemento rural.

■ **A reforma da PAC.** A CPE criticou ante Fischer Boel que a reforma da PAC non é boa, xa que non pasa de ser un acordo amañado da Organización Mundial do Comercio (OMC) que vén de 1994. Aínda que esta PAC sexa legal a nivel internacional, non é lexítima, xa que está baseada nun simple desprazamento dende o apoio público ás exportacións cara á coñecida como caixa verde, que ten que ver con axudas orientadas ao coidado e conservación do medio ambiente.

A pesares desta estratexema, o obxectivo e resultados desta nova reforma da PAC seguen sendo a baixada dos prezos agrícolas interiores en favor da industria agroalimentaria e as grandes cadeas de distribución, que poderán seguir exportando a baixo prezo a outros países, mesmo por debaixo dos custos de produción (*dumping*). O resultado directo deste tipo de prácticas vai ser a ruína de miles de familias labregas na Unión Europea e en terceiros países.

Neste senso, a CPE transmitiulle á nova Comisaria a necesidade de que a Comisión e a Unión Europea se orienten cara a outro proxecto agrario que sexa lexítimo dende un punto de vista internacional, social e duradeiro.

■ **Transxénicos:** A executiva da CPE afirmou ante a Comisaria que a PAC tampouco poderá ser lexítima mentres non abandone, definitivamente, o apoio aos organismos manipulados xeneticamente na agricultura, pois a coexistencia é imposible.

■ **Urxencia para apoiar á agricultura labrega, dada a situación catastrófica de miles de labregos e labregas en toda Europa.** A CPE explicoulle a Fischer Boel que moitas producións están en crise, e que o futuro para a mocidade que quere sacar adiante explotacións labregas é dubidoso e difícil, xa que a súa profesión non se reconece economicamente ao estar os prezos, de cotío, por baixo dos custos de produción.

Por iso, a CPE insistiu en que a Unión Europea debe reorientar a súa política agraria en troques de permitir que a produción agrícola se deslocalice a outros países para abaratar custos, aproveitándose dos salarios de miseria e da carencia de normativas medioambientais e sociais que existe en moitos países do terceiro mundo.

Outro dos aspectos denunciados da política agraria da Unión Europea foi o feito de que se estea a utilizar a agricultura como moeda de intercambio nas negociacións coa OMC para que as empresas europeas de servizos penetren libremente nos mercados dos terceiros países. A executiva da CPE pediulle a Fischer Boel que a

Comisión Europea poña os seus intereses na cidadanía e nos labregos e labregas, reorientando a súa posición.

■ **A distribución dos pagos agrícolas.** Outro dos problemas denunciados pola executiva da CPE foi a inxustiza que existe no reparto das axudas agrícolas, xa que un 25% de grandes explotacións acaparan as tres cuartas partes deses cartos. A executiva explicoulle á Comisaria que as pequenas explotacións resisten mellor as crises, e xeran máis emprego agrario e rural. De aí a necesidade de vincular os pagos directos cos activos, e non coas hectáreas; e de crear un pagamento específico para as pequenas explotacións en tanto non se reoriente a PAC.

■ **A crise vitícola:** o sector do viño tamén foi un dos temas deste primeiro encontro. Sobre el falouse da necesidade de que a Unión Europea defenda, a nivel internacional, o respecto das boas prácticas enolóxicas. Tamén denunciou a CPE a deslo-

calización que se está a producir na produción europea, índose os investimentos a terceiros países, onde os custos de produción son máis baratos.

■ **Desenvolvemento rural:** A agricultura, que cubre o meirande do territorio europeo, debe ficar no centro do desenvolvemento rural. A CPE destacou a importancia de apoiar a diversidade agrogandeira, o emprego -con especial énfase na mocidade e nas mulleres-, ou as políticas de converxencia en zonas desfavorecidas de montaña. Tamén se incidiu en que a Rede Natura 2000 debe ser financiada pola Dirección Xeral de Medio Ambiente, e non polo departamento de Agricultura.

■ **Apoio ás Organizacións Non Governamentais (ONG) agrícolas e rurais:** A executiva da CPE defendeu ante a Comisaria que se é xusto que as ONG europeas que traballan polo medio ambiente reciban subvencións para poder funcionar, tamén debería selo que as ONG do sector agrícola e rural, como a propia CPE, reciban axudas similares. Cuestión de democracia.



Xosé Ramón Cendán, do SLG, e Joao Vieira, da CNA, foron dous dos membros da executiva da CPE que se entrevistaron con Mariann Fischer Boel o pasado 17 de decembro



editorial

Memoria sindical do 2004

O 2004 foi un ano un tanto paradoxal para os labregos e labregas de Galiza xa que, por unha banda, houbo trocos ben importantes pero, pola outra, as cousas seguen máis ou menos coma sempre.

Entre os trocos destacados estiveron o dos titulares de Agricultura na Xunta, no Goberno do Estado e na Comisión Europea. As Eleccións Xerais de marzo serviron para derribar a un Partido Popular responsábel, entre outras barbaridades, de encher as leiras de media España de transxénicos, de suprimir o Réxime Especial Agrario da Seguridade Social (REASS), de aceptar unha reforma da Política Agraria Común (PAC) tremendamente lesiva para Galicia e que seguirá provocando o peche de miles de explotacións, ou de sacar adiante unha Lei de Arrendamentos Rústicos nefasta para os intereses labregos.

Para non perder o costume, elixiron como nova Ministra de Agricultura a unha muller relacionada coa realidade marítima, pero que nada tiña que ver con sectores agropecuarios: Elena Espinosa. Polo de agora, dende o SLG temos que dicir que foi esta a única responsábel estatal de Agricultura que non nos recibiu para escoitar as nosas propostas. Onde vai o diálogo tan cacarexado polo PSOE? Aínda que ao Goberno se lle ven boas maneiras nalgúns temas -reformou en positivo a Lei de Arrendamentos Rústicos- noutros segue na mesma liña que o PP. Por exemplo, no sector lácteo, tan fundamental para o agro galego e con tantos problemas, non se fixo nada; España continúa sendo a gran leira de transxénicos en Europa; seguiremos sen ter un gasóleo agrícola profesional libre dos impostos abusivos que o gravan a pesares das masivas protestas labregas; e comezase a aplicar unha reforma da PAC que vai ser desastrosa para as explotacións labregas. Na súa primeira visita a Galiza, o Presidente Zapatero lembrouse no seu discurso de todos os sectores sociais e profesionais do país, agás do labrego.

E falando da PAC que nos deixou de heranza Franz Fischler, a nova Comisión Europea de Durão Barroso elixiu para a carteira de Agricultura á danesa Mariann Fischer Boel, unha muller que, esta vez si, é boa coñecedora do sector agrario, pois é filla de terratenentes e ten intereses privados nos sectores porcino e azucreiro. Con semellante currículo, esta política foi obxecto dunha campaña da Coordinadora Labrega Europea (CPE) para evitar o seu nomeamento. Desgraciadamente, Barroso teimou e a señora Boel será a responsábel da agricultura europea nos vindeiros seis anos. E farao para 25 países, despois da ampliación asinada en Dublín no mes de maio; 25 países que se terán que repartir, máis ou menos, os mesmos cartos para agricultura que había para a Europa dos Quince.

En canto ao caso galego, Juan Miguel Diz Guedes dimitiu e marchou pola porta de atrás en setembro. No seu lugar puxeron a Xosé Antonio Santiso Miramontes que, para facelo mellor, non terá que esforzarse demasiado, xa que Diz Guedes foi un dos peores conselleiros que ten pasado pola Xunta, incapaz para o diálogo e absolutamente inútil á hora de solucionar os graves problemas que arrastra o medio rural galego.

Máis custes e menos ingresos

Falabamos ao comezo de que, ademais dos trocos, en moitos aspectos as cousas seguiron coma sempre. Unha desas cousas que non deron cambiado foi a renda labrega: seguen a aumentar os custes e cada vez pagan menos pola produción agraria. Así, o 2004 iniciábase cunha escalada de prezos nos pensos á que despois se unirá o espectacular aumento no valor dos carburantes. Organizacións como a COAG e o SLG reivindicaron en numerosas ocasións a necesidade de crear un gasóleo agrícola profesional. Non embargante, o PSOE, coa complicidade de Unións Agrarias, foi incapaz de aceptar esta demanda e ofreceu unha solución puntual con data de caducidade: axudas directas de miseria que a pouco chegarán ata o presente ano. Outra novidade que vai afectar de xeito serio á renda labrega foi a imposición dunha nova Seguridade Social que, de xeito progresivo, deixará de ser labrega e irase equiparando ao réxime de Autónomos cun considerábel aumento nos cartos a cotizar cada mes e sen prestacións salientábeis que melloren as do REASS.

En canto aos prezos dos produtos agrarios, continúan á baixa, sendo especialmente significativo o estancamento da carne de vacún, que nin sequera se revalorizou no verán como viña sendo habitual; a isto habería que engadir a dificultade da Xunta para acadar os fondos necesarios para pagar as Indemnizacións Compensatorias de Zonas Desfavorecidas e de Montaña, das que dependen moitas explotacións deste sector. No valor do leite houbo certa melloría, pero segue existindo a mesma inseguridade de sempre e atúranse valores para o produto de hai vinte anos. Neste senso, habería que salientar que o 2004 foi un ano no que organizacións sindicais de toda Europa, Estados Unidos e a India, no marco do terceiro Seminario Europeo do Leite que organizou o SLG, tomaron unha decisión histórica: comezar a traballar para facer a primeira folga de entregas de leite a escala europea. Sen dúbida, unha forte aposta que, se todos os labregos e labregas arriman o ombreiro, obrigará aos diversos gobernos europeos a garantir un prezo mínimo para o leite que cubra os custes de produción e remunere de xeito digno o traballo produtor no sector lácteo.

O 2004 tamén será lembrado por outra marea negra, pero esta nos nosos montes. O abandono rural infrinxido polo peche masivo de explotacións que trouxo a PAC, e a nefasta política forestal da Xunta, propiciaron o peor ano en cuestión de lumes: máis de 40.000 hectáreas arrasadas por 10.000 incendios nos oito primeiros meses do ano. O SLG, no seo do Comité en Defensa do Monte Galego, participou activamente na campaña de denuncia e na esixencia de solucións a un problema que arrastramos dende hai décadas.

Finalmente, cómpre non rematar sen erguer a voz de alarma sobre a calella sen saída á que nos está a levar o modelo agrario que se está impoñendo dende a OMC e dende a Comisión Europea. Deixando a parte o peche de miles de

explotacións e a desertización e abandono do medio rural, hai que mirar con preocupación o problema da seguridade alimentaria que provoca un mode-

lo de alimentación baseado na obtención de grandes beneficios para as industrias, e non pensado para nutrir ás persoas e garantir a súa saúde. Algunhas cifras deberían facernos pensar: no Reino Unido veñen de descubrir que unhas 6.000 persoas son portadoras do mal das vacas tolas sen sabelo; en Asia, o sacrificio de millóns de polos non conseguiu conter a gripe aviar, enfermidade que, segundo as advertencias da Organización Mundial da Saúde, podería sufrir mutacións e contaxiarse entre persoas; en caso de acontecer isto, poderían morrer entre dous e sete millóns de seres humanos. En cuestión de transxénicos, a Comisión Europea está a actuar de xeito dictatorial autorizando numerosos organismos manipulados nos que están en contra o meirande dos países e expertos da Unión e sementando, deste xeito, unha nova crise alimentaria que cando estoupe será difícil de deter. En Galiza, xa resulta moi difícil mercar pensos que non conteñan transxénicos.

Mellor organizados para atender as demandas labregas

No balance positivo, cómpre salientar que a loita sindical agraria continuou sumando apoios e asentándose a nivel organizativo. Destacan, neste aspecto, os diversos congresos que organizou o SLG para estruturar a súa acción por sectores: agricultura ecolóxica, viño, vacún de carne e vacún de leite xa teñen as súas directivas traballando para afrontar os problemas específicos que lles son propios. A escala planetaria, celebrouse, o pasado 14 de xuño, a cuarta Conferencia Internacional de Vía Campesina, que renovou o seu cadro de dirixentes: destacaron o nomeamento do indonesio Henri Saragui como novo Secretario Xeral en substitución de Rafael Alegría, e a elección de Lidia Senra como membro da Comisión de Xénero en representación de Europa. O eixe básico ao redor do que vira a loita da Vía Campesina continúa a ser a soberanía alimentaria.

Nas batallas de cada día, o Sindicato Labrego acadou numerosos logros en diversas fronteas no 2004: o traballo de varios anos desenvolvido pola Secretaría da Muller callou na redacción dun capítulo dedicado integramente ás mulleres do medio rural na Lei Galega de Igualdade; para iso, foi determinante o encontro mantido coa responsábel do Servizo Galego de Igualdade en marzo. Tamén o Plano Estratéxico Vitivinícola Estatal, presentado en decembro en Compostela, recolle varias das propostas realizadas polo Sindicato Labrego. A redacción final da Lei do Solo tamén reflectiu as achegas que aportou o SLG na mesa de traballo; neste eido, agora preséntase un novo reto: a licenza de actividade. No sector ovino e caprino, a Xunta adiantou os pagos das axudas despois de que o SLG advertise dos prexuízos fiscais de xuntar dous pagamentos nun só ano. Na carne de vacún, recoñecéronse algunhas demandas do SLG, como que se favoreza no reparto de axudas ás explotacións labregas fronte aos cebadeiros industriais. Éxitos todos que animan a seguir loitando.

A Xunta obrigará a que as explotacións paguen a recollida de animais mortos

A medida aplicarase a partir de febreiro e afectará a porcos, coellos, cabalos, galiñas e outras especies

A Xunta de Galiza, no seu afán por privatizalo todo, vén de tomar a decisión de deixar en mans dunha empresa privada a recollida de cadáveres de animais que, a partir de agora, de-

berán ser recollidos para a súa destrución controlada. Como é habitual, a Xunta non lle consultou a ninguén esta medida e vaina impoñer sen máis. Tamén, coma sempre, os máis prexudi-

cados serán labregos e labregas, que terán que pagar do seu peto -coa contratación de seguros ou a compra de contedores- un servizo que debería ser de xestión e financiamento públicos.

No mes de decembro, a Xunta decidiu implantar en Galiza un novo seguro para cubrir a recollida de animais non bovinos mortos nas explotacións. Esta medida equivale a prohibir o enterramento de cochos, ovelas, cabuxas, cabalos, coellos, galiñas e outras aves, como xa se fixera a raíz da crise das vacas tolas (EEB), que a partir do mes de febreiro de 2005 deberán ser recollidos para que se destrúan de xeito controlado.

Aínda que esta medida xa se aprobara anteriormente, na práctica non se aplicaba e, non sector ovino e caprino, recollíanse gratuitamente os animais mortos chamando á empresa que se encargaba de recoller as vacas.

A partir de agora, a recollida deixa de ser gratuíta e vai ser feita por unha empresa privada (Visecorsa y Artabra UTE). Esta empresa, como se ven facendo coas vacas, pasará polas explotacións que chamen para que se lles recollan os cadáveres.

Por se non fose de abondo, as explotacións deberán cumprir varios requisitos coma os seguintes:



As explotacións cunícolas son unhas das afectadas, ademais das de ovino, caprino, porcino e cría de aves.

■ Dispoñer dun contedor homologado para os cadáveres situado na entrada da explotación e nun lugar axeitado para o acceso doado do camión de recollida. Este contedor poderá ser substituído por un conxelador nas especies cunícolas e aviares, por mor do seu tamaño e das consecuencias dun almacenamento de duración indeterminada.

■ Da obriga de dispoñer de contedor quedarán exentas as explotacións de ovino e

caprino cun número de reprodutores -femias e machos- inferior a 50.

■ Ter almacenado unha cantidade mínima de 100 quilos de animais, agás nas especies ovina e caprina, que será por animal.

■ Ter contratado o seguro de Recollida do MAR con Agroseuro para que o servizo corra a cargo da entidade. En caso contrario, o servizo facturárase ao nome da explotación que se fará cargo do custe.

Unha nova imposición sen diálogo e un paso máis na privatización de servizos

Todo isto foille comunicado ás asociacións de produtores e produtoras, pero non ás organizacións agrarias, nunha xuntanza convocada pola Xunta en Compostela o pasado 29 de decembro. Neste encontro, informouse dunha decisión xa tomada e, polo tanto, inamovíbel, á que só se lle poderían aportar matices de funcionamento e propostas a estudar para o exercicio seguinte, no ano 2006.

Tamén informou a Xunta dos custes que terían os seguros e do importante esforzo subvencionador, dado que terán un 46 % a cargo ENESA e un 32% a cargo do FOGGA, sendo tan só a cargo do produtor asegurado o 22% do custe neto. Tamén disporán nas explotacións doutra subvención para mercar o contedor ou conxelador, que poderá chegar até o 50% do custe, sen superar os 350 euros para o contedor ou os 200 para o conxelador.

Polo tanto, a partir de agora terán que ser as propias explotacións quen financie un servizo que é necesario por cuestións de carácter sanitario e saúde pública. É dicir, a Xunta e o Estado deixan de financiar servizos que son de necesidade pública e deciden cargarlle os custes, de xeito unilateral e sen consulta previa aos sectores afectados, directamente ás explotacións agrarias.

Con esta decisión, a Xunta dá un paso máis no seu plan de privatización de todos os servizos públicos. Dende o SLG xa se emprenderon accións sindicais contra esta medida, como a campaña informativa que se vai realizar en toda Galiza, durante xaneiro, sobre as repercusións disto -ademais da aplicación da reforma da PAC e do novo sistema de identificación de animais- nas explotacións de ovino e cabrún.

A Xunta adianta as axudas de ovino e caprino tralas queixas do SLG


O SLG, en canto se enterou de que a Consellería recibiu en decembro os fondos da Unión Europea para pagar as axudas de ovino e cabrún, instoulle a adiantar os pagos antes de fin de ano. Fíxoo a través do responsable da mesa sectorial de ovino e cabrún, Xosé Antón Ledo, que presentou un escrito dirixido ao Conselleiro pedíndolle que dese a orde para librar os fondos nece-

sarios para pagar as primas.

Aínda que é certo que, segundo a lei, estas axudas teñen de prazo para ser pagadas ata o 31 de marzo de 2005, cómpre lembrar que, de cobralas no novo ano, suporíalles ás persoas beneficiarias atoparse con dous importantes ingresos dentro do mesmo exercicio fiscal, o que ocasionaría prexuízos na declaración da renda.

Ademais, o adianto do

pagamento tamén se facía necesario porque estas axudas son un factor decisivo para garantir a viabilidade económica de moitas explotacións que son unha peza fundamental para o mantemento da poboación e da economía rural en zonas nas que outra actividade económica é impensábel neste intre. Ademais, a existencia de sistemas de pastoreo é importantísimo para



Ledo pediu o libramento de fondos antes do 2005

o control da biomasa que, ao mesmo tempo, constitúe un eficaz método para prever incendios forestais.

Recadan fondos para un afiliado a quen lle ardeu a casa na Fonsagrada

Na Fonsagrada, en Lugo, vén de iniciarse unha campaña de axuda á familia de Xosé Osorio Arias, a quen lle ardeu recentemente a casa. Xosé Osorio reside en Vilarmeán, Lamas de Campo, e é afiliado ao SLG. Nesta campaña están utilizados para a recadación de fondos o número de conta: 0182-2725-50-0210011128, do BBVA.

O SLG estudia novas medidas xudiciais polo enterro de vacas tolas en Mesía

O xulgado de Ordes vén de arquivar o caso a pesar das evidentes irregularidades cometidas nesta acción

Xusto cando se cumprían catro anos do estoupido da crise das vacas tolas en Galiza, O xulgado de Ordes vén de botar un xerro de auga fría sobre as organizacións sindicais e ecoloxistas,

e sobre a sociedade civil, ao arquivar as denuncias existentes contra o enterramento de trescentas vacas afectadas pola Encefalopatía Esponxiforme Bovina (EEB) en Mesía no mes

de decembro de 2000. O Sindicato Labrego, diante desta decisión inxustificábel do xuíz, recorrerá para que os responsábeis daquel acto a todas luces ilegal paguen o seu delicto.

O 16 de decembro, o xulgado de primeira instancia de Ordes facía pública a súa decisión de arquivar a causa aberta polo enterramento masivo de trescentas animais nunha mina abandonada en Lanzá (Mesía). Diante desta decisión xudicial, o Sindicato Labrego Galego manifestou o seu máis rotundo rexeitamento, non descartando a posibilidade de emprender novas medidas xudiciais para que se depuren responsabilidades.

O enterramento ilegal de vacas en Mesía fóra un dos episodios que mellor expresaron o xeito chapuceiro e dictatorial de facer as cousas que tiña e, en moitas ocasións, segue a ter, a Xunta de Galiza. Daquela, en xaneiro de 2001, o Sindicato Labrego



O SLG apoiou as protestas veciñais do pasado 29 de decembro contra a decisión xudicial

denunciou, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza (TSXG), aos daquela res-

ponsábeis das consellerías de Agricultura, Medio Ambiente e Sanidade: Cástor

Gago, Carlos del Álamo e Xosé María Hernández Cochón. O TSXG remitiu en-

tón a denuncia ao Xulgado de Primeira Instancia de Ordes.

Dende o Sindicato Labrego Galego, criticouse o arquivo da denuncia, pois sigue considerando que naquel enterramento de vacas non se respectaron todas as medidas de seguridade necesarias para Materiais Específicos de Risco (MER); ademais, nin daquela, nin actualmente, está permitido enterrar animais, polo que o suceso de Mesía foi claramente irregular e vulnerou a lei. Incluso a mesma resolución xudicial, a pesares de arquivar a causa, reconece que o enterramento se fixo dun xeito "precipitado". Diante destas irregularidades, o SLG seguirá insistindo para que se depuren responsabilidades.

O SLG informa sobre trazabilidade ante a parálise da Xunta

A pesares de que o Sindicato Labrego Galego iniciou unha campaña para chamar a atención da Consellería de Política Agroalimentaria sobre a urxencia de tomar medidas para aplicar as novas normativas sobre trazabilidade no ano que entra, a Administración aínda non deu mostras de facer nada ao respecto. Nin sequera respondeu ás ofertas de diálogo do SLG para coordinar esforzos e intercambiar coñecementos dirixidos a minimizar o impacto que poden causar estas novas esixencias ás explotacións de horta galegas.

Lonxe de quedarse de brazos cruzados, o Sindicato Labrego optou por facer o que debería ser unha obriga da Xunta: unha campaña informativa con numerosas


charlas e poñendo a disposición dos labregos e labregas que traballan no sector hortícola toda a información dispoñíbel sobre os requisitos necesarios que se lles van pedir para poder legalizar un local de envasado co seu rexistro sanitario, sobre as análises de perigos e puntos críticos de control, etcétera.

Cómpre aclarar que, aínda que o SLG está informando sobre as normativas sanitarias e de trazabilidade que se aveciñan, mantén a súa postura crítica respecto a esixencias como a de pedirlle a cada profesional da horticoltura ter un rexistro sanitario, unha obriga que un dos responsábeis de horta do SLG, Antón Sánchez, non dubidou en cualificar de "auténtica loucura", en-

gadindo que "o tempo está dando a razón ás nosas críticas".

Paralizan os trámites da trazabilidade

Polo demais, a Consellaría de Sanidade paralizou os trámites de legalización de locais diante da avalancha de solicitudes que lle presentaron. Agora mesmo, Sanidade está a negociar coas grandes superficies para que acepten que aos produtores e produtoras só se lles pida o número de Código de Explotación Agraria (CEA) para que cumpran coa Lei de Trazabilidade. Esta medida é unha consecuencia máis da escaseza de recursos da Administración, e nada ten que ver cunha medida meditada



Antón Sánchez, responsábel de horta do SLG en As Mariñas, cualificou de "loucura" algunhas das novas normas esixidas

de antemán. De todos xeitos, cando xa rematou o 2004, aínda non se coñecen os resultados destas negociacións.

Noutra orde de cousas, o SLG participou nunha xuntanza promovida por horticultores e horticoltoras de Culleredo, na provincia da

Coruña, para falar da posíbel creación dunha cooperativa de horta na comarca de As Mariñas. Neste senso, o Sindicato Labrego non dubida en apoiar calquera iniciativa desta caste que poida mellorar o control sobre a comercialización dos profesionais do sector.

A Comisión convértese en coadeiro para os OXM na Unión Europea

Autoriza transxénicos mesmo cando existe unha maioría de países e expertos dos 25 en contra deles

No tema dos transxénicos, a Comisión Europea estase a converter na grande aliada das transnacionais da manipulación xenética e na correa de transmisión dos intereses da Organización


Mundial do Comercio (OMC). Así, non dubida en legalizar transxénicos nos que están en contra o meirande dos expertos da Unión Europea e en pregar-se aos intereses de países líderes en

cultivos manipulados, como Arxentina, Estados Unidos e Canadá, que están a denunciar constantemente ante a OMC a moratoria europea e as prohibicións nacionais sobre transxénicos.

A Comisión Europea presentou, o 29 de novembro, o seu proxecto de anular as prohibicións que existen en países como Austria, Alemaña, Francia, Grecia ou Luxemburgo sobre diversos organismos manipulados xeneticamente. Estes países manteñen as prohibicións amparándose en leis comunitarias que permiten aos estados membros prohibir ou restrinxir, provisionalmente, os transxénicos autorizados na Unión Europea.

De todos xeitos, unha das razóns máis poderosas para que a Comisión autorice os transxénicos nestes países ten que ver coa queixa que presentaron Estados Unidos, Canadá e Arxentina ante a OMC contra a moratoria europea en xullo de 2003, e as denuncias contra as prohibicións nacionais devanditas.

Á hora de autorizar novos



Os transxénicos espertan os receos dos labregos e labregas de boa parte do planeta

transxénicos, a Comisión normalmente se apoia na Autoridade Europea de Se-

guridade dos Alimentos (Aesa), que neste caso apuntou que as razóns invocadas

polos estados para manter as súas cláusulas de salvagarda nacional non abundan.

A Comisión despreza ao meirande dos expertos e dos países da Unión Europea

Para autorizar un transxénico na Unión Europea, primeiro deben reunirse expertos dos 25 estados membros no denominado Comité Permanente para a Liberación de OXM no Medio Ambiente. Para poder autorizar un organismo manipulado, este comité debe obter unha maioría cualificada de 232 votos dun total de 321. O problema é que se non se acada esa maioría de expertos, a decisión pasa ao Consello de Ministros dos 25 que, en caso de non acadar tampouco unha maioría, deixan a decisión en mans da Comisión Europea.

Neste caso, que é o habitual, a decisión é bastante previsíbel: a Comisión autoriza o transxénico a pesares de existir unha maioría de países que se opoñen a iso. Nos casos concretos das prohibicións nacionais das que se falaba nesta reportaxe, aconteceu o seguinte:

■ **Millo Bt 76**, de Syngenta. Está prohibido en Alemaña, Austria e Luxemburgo. A Comisión só acadou 54 votos a favor, fronte a 221 en contra e 46

abstencións no Comité para a Liberación de OXM. Como podemos ver, a pesares do rexeitamento rotundo a este transxénico, a Comisión poderá decidir a súa autorización sen darlle contas a ninguén. O mesmo aconteceu co **milho T25** de Bayer, prohibido en Austria, que obtivo os mesmos resultados na votación.

■ **Millo MON 810**, de Monsanto. Está prohibido en Austria. A Comisión só acadou 73 votos a favor da súa autorización, 178 en contra e 70 abstencións.

■ **Colza Topas 19/2**, de Bayer. Está prohibida en Francia e Grecia. Tan só obtivo 54 votos a favor, 178 en contra e 89 abstencións; a mesma votación que para a **colza MS1xRf1**, tamén de Bayer.

Como podemos comprobar, unha maioría abrumadora dos expertos da Unión Europea está en contra destas autorizacións. Nembargantes, ao non acadarse os 232 votos en contra en ningún dos casos, será agora o Consello de Ministros quen terá que tomar a

decisión. En caso de que non haxa acordo, como é habitual, a Comisión Europea asumirá a responsabilidade. En caso de que remate por autorizar estes transxénicos, a Comisión poderá iniciar procedementos xudiciais e impoñer multas se os países insisten en manter ditas prohibicións.

Outro dato que confirma o fondo divorcio no tema dos transxénicos na Unión Europea foi a autorización para importar e transformar millo MON 863 resistente á crisomela para alimentación animal. Dos 25, oito países están a favor, e doce en contra. Entre os cinco que se abstiveron atópase España. Neste caso repetírase o proceso, e será o Consello de Ministros, primeiro; e a Comisión Europea, finalmente, quen tome a decisión.

Ante esta situación, a pregunta que deberíamos facernos é a seguinte: Por que a Comisión Europea autoriza transxénicos aos que se opoñen unha maioría de expertos e países? Por que, ante a división de posturas, prevalece sempre a da minoría que está a favor?

O PSOE opta por absterse na UE e non dá marcha atrás á política permisiva do PP

O 2004 foi un mal ano na loita contra os transxénicos. Este ano 2004 non foi bo para a agricultura en cuestión de transxénicos, pois anulouse a moratoria que imperaba na Unión Europea dende o ano 1998 ao terse producido a aprobación dalgunhas variedades transxénicas de cultivos, millo para importación e procesado, no meirande.

No Estado Español, redactáronse dous borradores sobre medidas de coexistencia: un cando gobernaba o PP e outro agora co PSOE. Este último está en trámite de aprobación. O Sindicato Labrego Galego, do mesmo xeito que a Coordinadora de Organizacións Agrarias e Gandeiras (COAG), a Plataforma Rural, Greenpeace e Intereco, denunciaremos as carencias deste texto que, máis que evitar a contaminación dos produtores e produtoras veciños, legaliza a entrada masiva de transxénicos nas colleitas convencionais e ecolóxicas. Ademais, este ano apareceu un novo caso dun labrego de millo ecolóxico contaminado ata cun 34% con millo transxénico.

Polo demais, o PSOE semella estar nunha posición na que prefire non comprometerse. Se no anterior Fouce adiantabamos que o Goberno ten intención de regular a coexistencia e seguir a liña do PP en materia de transxénicos no Estado, na Unión Europea mantén unha postura indefinida ao absterse sempre nas votacións sobre autorización de novos organismos manipulados.

O Parlamento alemán desafia á Comisión cunha lei que restrinxe os transxénicos

A finais de novembro, o Parlamento alemán (Bundestag) aprobaba unha lei que supón un auténtico desafío á permissividade da Comisión Europea, pois pon tal cantidade de atrancos aos cul-

tivos transxénicos que fai moi difícil a súa expansión. Aínda que a intención da lei non é outra que garantir os dereitos dos labregos e labregas que traballan con métodos convencionais

ou ecolóxicos, as multinacionais da manipulación xenética xa anunciaron que emprenderán medidas xudiciais contra a institución que representa ao pobo alemán.

O Bundestag alemán aprobou, o pasado 26 de novembro, unha nova lexislación para regular os cultivos manipulados xeneticamente e protexer ás explotacións agrarias convencionais e ecolóxicas de posibles casos de contaminación. Algúns dos aspectos máis destacados da lei son os seguintes:

► As explotacións convencionais e ecolóxicas serán protexidas da contaminación xenética

► Os agricultores que cultiven con organismos manipulados asumirán unha responsabilidade mancomunada e solidaria en caso de que se produzan danos con transxénicos en zonas que deberían estar libres deles.

► Todas as leiras con cultivos transxénicos estarán rexistradas de maneira exacta e os datos delas serán accesíbeis ao público a través de Internet.



A maioría dos deputados do Bundestag non dubidaron á hora de pararlle os pés aos OXMs

► Quen cultive transxénicos terá a obriga de informar á autoridade competente e aos seus veciños con tres meses de antelación, como mínimo, á sementeira.

► Os produtores de transxénicos deberán indemnizar ás vítimas da contaminación aínda que respectasen as normas de cultivo. Os casos nos que deberán indemnizar

son varios: contaminación con OXM non autorizados por riba da tolerancia do 0'5% permitida na Unión Europea; produtos convencionais contaminados por

OXM legais que se vexan obrigados a venderse como transxénicos ao superar o 0'9% que obriga a indicalo na etiquetaxe, ou produtos recoñecidos como ecolóxicos ou libres de OXM que fosen contaminados e non se poidan vender como tales.

Evidentemente, as industrias que deseñan, fabrican e venden as sementes manipuladas, a través de organismos como a BioConValey ou a Asociación Europea de Sementes, xa puxeron o berro no ceo afirmando que esta lei terá "consecuencias catastróficas".

Mesmo a Asociación Europea de Sementes adiantou que as empresas e industrias deste sector "teñen intención de iniciar un proceso xudicial contra a lei alemana, xa que non se concibiu para garantir a coexistencia, senón para facela imposible".

As consecuencias da temeridade do PP xa se sinten en Galiza

Existen moitos xeitos de impoñer os transxénicos pola porta de atrás, coma quen di. En Galiza estamos a padecer xa as consecuencias da política irregular e temeraria que desenvolveu o PP ao longo de oito anos de Goberno. Así, aínda que en Galiza non hai unha superficie destacábel dedicada ao cultivo de organismos manipulados xeneticamente -alomenos recoñecida, ou en comparación con outras zonas do Estado-, hoxe é case imposible conseguir pensos para alimentación animal que non conteñan OXMs.


O meirande das cooperativas agrarias que fabrican concentrados alimenticios, así como os establecementos comerciais que venden fariñas, están a optar case en exclusiva por ingredientes transxénicos por saírenlles máis baratos. E sóbouse isto só a partir deste ano, cando se lles obrigou aos fabricantes -por lei- indicar na etiquetaxe dos pensos a presenza de transxénicos e a súa cantidade.

O problema desta situación é que a aquelas explotacións que, por seguridade, non queren utilizar transxénicos, non se lles

deixa elixir. Isto é así porque, mentres gobernou o Partido Popular, ademais de converter a España no maior leira transxénica de Europa, fixo dela un espazo sen lei no que non se lexislou para garantir o dereito a elixir das explotacións, nin para evitar a contaminación de leiras que traballan con métodos convencionais, integrados ou ecolóxicos.

O caso británico

Máis ao norte, o goberno do Reino Unido vai ser máis directo á hora de impoñer os transxénicos. Hai pouco, o executivo de Tony Blair creou un comité asesor sobre transxénicos para que estudiasse as consecuencias éticas e sociais deste tipo de cultivos. Probabelmente, foi todo unha montaxe para lavar a cara pois, recentemente, o xornal The Guardian informou que o Goberno Británico vai suprimir o devandito comité despois de que os seus membros esixisen garantías para protexer os cultivos tradicionais da contaminación por organismos xeneticamente manipulados.



Etiquetas coma esta estanse a converter en habituais nas explotacións gandeiras galegas. Neste caso, os OXMs superan amplamente o 50% dos ingredientes do penso

O Plan Estratéxico Vitivinícola Estatal recolle varias reivindicacións do SLG

Foi presentado en Santiago de Compostela os pasados 1 e 2 de decembro polo Ministerio de Agricultura

En decembro, Galiza foi escenario de dous acontecementos que serán fundamentais para o sector do viño do noso país. Por unha banda, celebráronse en Santiago de Compostela as xornadas

preparatorias do Plano Estratéxico do Sector Vitivinícola; por outra, a Consellería de Política Agroalimentaria presentou o borrador da futura Lei de Ordenación Vitivinícola de Galiza.

Unha de cal e outra de area que obrigan ao SLG a estar atento para impedir que, sexa o Goberno ou sexa a Xunta, se lexisle contra os intereses labregos neste sector.

O Sindicato Labrego Galego, a través do seu responsable de Acción Sindical Agraria, Xosé Manuel González Vilas, asistiu ás xornadas preparatorias do Plano Estratéxico do Sector Vitivinícola, celebradas o 1 e 2 de decembro en Compostela. Segundo o Ministerio de Agricultura (MAPA), organizador deste evento, a súa intención era "involucrar tanto ás comunidades autónomas como a todos os axentes interesados na elaboración do Plano Estratéxico, que deberá recoller as diferentes orientacións da viticultura española, integrando, de xeito equilibrado, os diferentes intereses que interveñen no conxunto do sector".

Para Xosé Manuel González Vilas, esta iniciativa do Ministerio de Agricultura vai ser positiva para a viña galega, xa que ten intención de facer unha reforma profunda da Lei do Viño aprobada na anterior lexislatura polo PP. Esta reforma responderá a moitas das demandas reivindicadas polo Sindicato Labrego e eliminará unha lexislación, a do Partido Popular, que era tremendamente lesiva para



Arriba, imaxe das xornadas para o plan estratéxico vitivinícola; abaixo, Xosé Manuel González Vilas, do SLG

os intereses do sector vitivinícola galego e que fóra coñada para beneficiar só aos grandes grupos empresariais e económicos que operan e especulan neste eido.

Unha das grandes reformas terá que ver con respectar a idiosincrasia de cada comunidade e, por mor disto, na cesión de competencias ás autonomías.


Política Agroalimentaria teima en levar adiante unha lei ás costas do sector

A pesar do positivo desta actitude do Ministerio de Agricultura, a mala noticia para o sector vén da man da Consellería de Política Agroalimentaria que presentou ante o Parlamento Galego o 1 de decembro, en paralelo ás xornadas do MAPA, o borrador Lei de Ordenación Vitivinícola de Galiza.

Dende o punto de vista político, tanto o BNG criticou que a lei naceu como unha normativa "limitada que discrimina aos pequenos produtores e produtoras, favorece aos grandes, e non soluciona os problemas específicos do sector", e que "non aborda as especificidades e particularidades galegas, limitándose a copiar as normativas estatais e comunitarias. Ao final, só os votos do PP deron para adiante a este borrador.

A valoración de González Vilas tamén foi crítica, e confiou en que o PP respecte os intereses dos labregos e labregas e acepte as emendas que melloren esta lei. Para Vilas, unha das emendas básicas que se deberían aceptar é a que contemple a creación dun Instituto da Viña e do Viño que garanta un diálogo permanente entra os diversos axentes do sector e a Administración.

O Sindicato Labrego Galego ten intención de incidir para que esta lei galega, antes de que se aprobe definitivamente, se modifique e sirva para regular e beneficiar ao sector vitivinícola galego, e non a unhas poucas empresas e a algúns especuladores.



O Goberno aproba unha suba das pensións contributivas do 2% para o ano 2005

O Goberno publicou, no Boletín Oficial do Estado do 30 de decembro, un real decreto polo que revaloriza as pensións da Seguridade Social para o ano 2005. Este aumento afectará ás pensións por incapacidade permanente, xubilación, viuvez, orfandade, e familiares do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva. O aumento

aprobado será do 2%. No recadro que acompaña a esta información pódense ver as contías mínimas destas pensións.

Por outra banda, a contía das pensións da Seguridade por xubilación ou invalidez, na súa modalidade non contributiva e que fosen recoñecidas antes do 1 de xaneiro de 2005, queda fixada en 4.043'06 euros anuais.

Pensións contributivas para o 2005

Xubilación

Titular con 65 anos..... 7.336'14

Titular menor de 65 anos..... 6.856'08

Incapacidade permanente

Gran invalidez con incremento do 50%..... 11.004'28

Absoluta..... 7.336'14

Total: titular con 65 anos..... 7.336'14

Total: entre 60 e 64 anos..... 6.856'08

Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular de 65 anos..... 7.336'14

Viuvez

Titular con 65 anos..... 6.141'94

Titular entre 60 e 64 anos..... 5.722'92

Titular con menos de 60 anos..... 4.566'80

Menos de 60 anos e cargos familiares..... 5.722'92

Con cóxuxe ao cargo (euros/ano)

Sen cóxuxe ao cargo (euros/ano)

Unha reforma agraria global para erradicar a fame no mundo

Valencia acolleu o Foro Mundial para a Reforma Agraria con presenza do Sindicato Labrego Galego

Unha comitiva do Sindicato Labrego Galego integrada por Xosé Ramón Cendán, María Xosé Rodríguez, Marcos Louzao, María Ferreiro e Carme Freire, participou no Foro Mundial para a Reforma Agraria, que se desenvolveu entre os días 5 e o 8 de decembro en Valencia. En total, participaron máis de 500 persoas pertencentes a dúascentas organizacións de setenta países de todo o mundo. O slogan do evento xa adiantaba sen ambages as intencións do encontro: "Por un mundo sen fame: outra agricultura. Reforma agraria xa!"

O Foro Mundial para a Reforma Agraria levouse a cabo como parte previa ao Foro Social Mundial de Porto Alegre. En palabras do coordinador do evento, Vicent Garcés, "a fame acosa a máis de oitocentos millóns de persoas no mundo", polo que "os grandes desafíos do planeta esixen a reforma dos procesos de xestión dos recursos naturais para garantir o dereito á terra, que xunto co dereito á alimentación, son dereitos fundamentais da humanidade".

O documento final do foro afirma que "hoxe, persoas de todo o mundo atópanse confrontadas con dous modelos de agricultura, desenvolvemento rural e produción de alimentos". Refírese aos modelos agroexportador e labrego.

O modelo dominante é o agroexportador, baseado nas lóxicas neoliberal e do libre comercio, na privatización e transformación da



En nome do Sindicato Labrego Galego, Xosé Ramón Cendán participou activamente en todas as actividades do Foro

terra, a auga, os bosques, a pesca, as sementes, o coñecemento e a vida. Ten como obxectivo os beneficios corporativos e a intensificación da produción para exportar.

Este modelo é responsábel da crecente concentración de terras, recursos, e cadeas

de produción e distribución de alimentos e outros produtos agrícolas, que fican en mans dun reducido número de corporacións. O prezo dos alimentos e outros produtos agrícolas decrece constantemente por mor do *dumping* e outros factores,

baixando tamén os ingresos labregos. Os prezos para o consumo, non embargante, seguen aumentando. Este modelo, químico e intensivo, está a ocasionar danos incalculábeis ao medio ambiente e á saúde das persoas.

Por outra banda, temos o modelo baseado na agricultura labrega e familiar, e na soberanía alimentaria. Este modelo dá prioridade a unha produción local orientada a mercados locais e nacionais, rexeita o *dumping*, e emprega prácticas de produción baseadas no coñecemento local. A experiencia amosa que este modelo é, potencialmente, máis produtivo por unidade de superficie, máis compatíbel co medio ambiente, e moito máis capaz de proporcionar unha vida digna ás familias rurais, ao mesmo tempo que lle proporciona aos consumidores alimentos sans, accesíbeis e producidos localmente.

Oito reivindicacións fundamentais pola agricultura labrega

O documento final do Foro remata cunha lista de oito reivindicacións fundamentais:

"Facemos un chamamento ás nosas organizacións, ás nosas alianzas e á nosa sociedade para:

1. Recoñecer a terra coma un recurso común das persoas.

2. Traballar para sacar á OMC e outros acordos de comercio e investimento fóra da alimentación e da agricultura.

3. Opoñernos ás políticas de desenvolvemento da terra e desenvolvemento rural do Banco Mundial.

4. Rexeitar e actuar urxentemente contra a violencia que está a ser perpetrada contra os pobos rurais para silenciar a súa organización e resistencia.

5. Organizármolos contra as continuas guerras e ocupacións militares que lles rouban aos pobos a súa soberanía alimentaria e a súa autodeterminación.

6. Opoñernos á privatización e á comercialización da vida a través das patentes e da enxeñería xenética.

7. Defender activamente os procesos persistentes de reforma agraria efectiva, incluídos os asentamentos creados en todo o mundo mediante a ocupación da terra e outras formas de desobediencia civil activa que defende manter os recursos naturais en mans dos pobos.

8. Traballar xuntos para construír exemplos exitosos de soberanía alimentaria dos pobos a nivel local e nacional."

Un modelo neoliberal que exerce todo tipo de violencias para imporse

Na confrontación entrambos modelos, o documento denuncia que o neoliberal e agroexportador está empurrando á agricultura familiar e labrega cara á extinción. Preto de 3.000 millóns de persoas viven en zonas rurais e moitas delas están sendo expulsadas violentamente das súas terras.

A expropiación da terra e dos recursos naturais das poboacións locais, e a acumulación e concentración de riqueza en mans das elites, foron un proceso violento. As comunidades rurais, especialmente pobos indíxenas e grupos socialmente excluídos, seguen sometidos a formas extremas de violencia física e económica por parte das corporacións privadas e elites de terratenentes. Esta violencia aumentou ata acadar niveis alar-

mantes que pasan pola persecución política, represión, encarceramento, asasinatos, masacres e xenocidios no caso dalgúns pobos indíxenas.

As causas fundamentais de toda esta problemática teñen orixe nos programas do Banco Mundial (BM) e do Fondo Monetario Internacional (FMI), e no réxime de libre comercio imposto pola OMC. Tamén os estados teñen a súa responsabilidade, pois o meirande deles recuaron á hora de redistribuír a terra e abdicar das súas obrigas en servizos básicos como sanidade, educación, seguridade social, sistemas de alimentación pública ou apoio comercial ás pequenas explotacións.

Fronte a toda esta desfeita, propónse un modelo alternativo de soberanía alimentaria para os pobos

baseado nos dereitos dos labregos e labregas a producir alimentos para os seus propios mercados locais e nacionais, con acceso e control sobre os seus propios territorios, incluída a terra e os recursos naturais.

Nesta liña, faise necesaria unha reforma agraria de redistribución guiada polo Estado. Os programas de reforma agraria actuais deben garantirlle aos pobos labregos e indíxenas o acceso e control sobre a terra, a auga, as sementes, os bosques, a pesca e os medios de produción, distribución e comercialización; así como a igualdade de oportunidades para as mulleres e a mocidade. Ademais, a reforma agraria debe garantir a tenencia da terra, apoiar o uso da mesma para fins produtivas, e evitar a reconcentración territorial.

A Dirección de Agroecoloxía do SLG cumpre o seu primeiro ano

A posta en marcha deste órgano esixiu un esforzo complementario e organizativo aos seus membros

O 14 de decembro de 2003, o SLG celebraba o seu primeiro congreso sectorial de produción ecolóxica. Nel, ademais de aprobar a redacción definitiva dun documento no que se analizaban a

situación e futuro do sector en Galiza, tamén se sentaban as bases para a creación dunha Dirección Transversal de Agroecoloxía. Un ano despois, a DTA reuniuse en sete ocasións, organi-

zou equipas de traballo e desenvolveu numerosas iniciativas. A responsábel de sector no SLG, Charo Sánchez, relata en primeira persoa para Fouce a crónica destes doce meses.

As xuntanzas promovidas polo sindicato no sector ecolóxico facilitaron a coñecernos un grupo de labregos e labregas ecolóxicos coas mesmas o similares inquedanzas relacionadas co noso labor.

Este foro aberto onde podemos falar dos problemas cos que nos atopamos, por ser un sector emerxente, e as consecuencias que isto trae como descoñecemento xeral de quen consume, ou a falta de canles de comercialización, creou un vínculo entre as produtoras e produtores asistentes motivado e apoiado polo que, ata hai pouco tempo, foi o animador: Xan Pouliquen.

A Dirección Transversal de Agroecoloxía (DTA) xurdiu como resposta a unha necesidade recoñecida polo Sindicato Labrego Galego, que tivo que responder ao continuo incremento de afiliados e afiliadas adscritos a este modelo agrario, en particular, e da poboación galega, en xeral.

O seu traballo, neste senso, tamén se debeu ao interese que pode ter este tipo de agricultura dende o punto de vista de favorecer o mantemento e a viabilidade das pequenas explotacións familiares e labregas, como fonte de ingresos para as persoas que viven no medio rural; ou ben, exclusivamente, como complemento da renda e motor de desenvolvemento rural e fixador da poboación no campo.

Deste xeito, creábase a finais de decembro de 2003, no seo do Congreso sectorial de Produción Ecolóxica do SLG, a DTA, que cumpre agora un ano.



Intre no que saíu elixida a Dirección Transversal de Agroecoloxía no congreso de Monforte

Máis reunións das programadas para poñer a andar ao sector

Dende o intre da súa creación, o 14 de decembro do ano pasado, a Dirección Transversal de Agroecoloxía reuniuse en sete ocasións, algunha máis das que corresponderían á periodicidade trimestral establecida dende un principio, xa que foi necesario adiantar reunións para avanzar máis nos temas.

Foi salientábel o esforzo que fixemos todos e todas os membros da DTA para participar nas xuntanzas nacionais, así como á hora de integrarnos nas comisións de traballo que tivemos que crear para as diferentes fronteiras de traballo que ían xurdindo. As comisións ou equipos de traballo actualmente en funcionamento son as seguintes:

► **Proposta organizativa do sector ecolóxico dentro do SLG:** Isabel López e Charo Sánchez.

► **Responsábel de prensa:** María López.

► **Táboa reivindicativa da agricultura ecolóxica no SLG:** Charo Sánchez, Isabel López e David Ásper.

► **Alegacións ao borrador de regulamento**

interno do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza (Craega): Ágatha Bröskamp.

► **Representante na Dirección Nacional do SLG:** Charo Sánchez.

► **Responsábel de relacións ca Coordinadora de Organizacións Agrarias e Ganadeiras (COAG):** Isabel López.

► **Responsábel dos temas do Craega:** Ágatha Bröskamp.

► **Participación nun proxecto Interrex no que vai participar o SLG:** María López.

Houbo, a maiores, outros equipos de traballo que xa remataron co seu cometido, como o que se encargou de deseñar a proposta para facer unha futura xornada sobre transxénicos no SLG, ou o que elaborou as achegas o Plano Estratéxico de Agricultura Ecolóxica, así coma outros que xa non funcionan, como que se ocupou de elaborar os estatutos dunha asociación de produtores e produtoras do sector ecolóxico, xa que non é posíbel que o Sindicato Labrego Galego empregue recursos no desenvolvemento desta asociación.

A DTA anima á afiliación a participar nas xuntanzas do sector ecolóxico

Hai moito traballo que facer, por iso queremos animar á afiliación a participar, tanto nas xuntanzas da DTA nas que se convoque a toda a xente, como nas diversas equipas de traballo, ou nas reunións comarcais que se desenvolverán ata o 14 de Xaneiro para debater a táboa reivindicativa. Botamos de menos a participación de persoas do sector da gandería ecolóxica.

A continuación, facilitamos o teléfono de contacto da xente da DTA, para que poidades comunicarnos con nós para consultarnos o que queirades ou, simplemente, facernos chegar as ideas que queirades se traten dentro da DTA:

■ **Isabel López Chamorro:** Teixeira (A Coruña). Sector hortícola. 981789324

■ **Xose Manuel Durán Orus:** Santiago de Compostela. Sector apícola. 630069636

■ **Pilar Penín:** Porqueira (Ourense). Sector hortícola. 628841340

■ **David Ásper:** Chantada (Lugo). Explotación de mazás. 982440637

■ **Vilma Leivas:** Mondoñedo (Lugo). Sector Hortícola. 982521831

■ **Charo Sánchez:** Laza (Ourense). Sector hortícola. 617969729

■ **María López:** Muxía (A Coruña). Explotación de mazás. 610682462

■ **Milagros Carrera:** Tomiño (Pontevedra). Explotación de kiwis 630640136

Estase a elaborar un listado estatal de produtores e produtoras do sector ecolóxico para facilitar intercambios comerciais. A quen lle interese, pode consultalo na web da COAG (www.coag.org/sectores). Se alguén quere figurar na lista ten que chamar ao 981 5346391

A Xunta convoca a maior parte das axudas agrícolas para o 2005

Xa comezou a correr o prazo de solicitude e moitas delas deberán pedirse nos primeiros meses do ano

No transcurso do mes de decembro, a Xunta publicou as bases do meirande das axudas agrarias para Galiza: turismo rural, incorporación laboral de mulleres, transformación e comercial-

ización de produtos agrarios, modernización das estruturas de produción, agricultura integrada e ecolóxica, maquinaria agrícola, asociacionismo, ou apoios para compensar o sacrificio

obligatorio de gando, son algunhas das liñas contempladas. As oficinas do SLG xa están preparadas para ofrecerlle o mellor servizo á afiliación no trámite destas subvencións.

Mellora de instalacións e servizos en establecementos de turismo rural

Orde do 10 de decembro de 2004 pola que se convocan as subvencións para a mellora de establecementos de turismo rural. Estas axudas cubrirán a mellora de instalacións e servizos, e da oferta complementaria, das casas de turismo rural xa existentes. Serán actividades subvencionábeis a execución material do investimento, a redacción de proxectos e a dirección de obra; non sendo subvencionábel nin o equipamento nin as taxas e impostos. Poderán solicitar estas subvencións as persoas propietarias de establecementos de turismo rural, ou quen os xestione. **O prazo de solicitude remata o 30 de xaneiro de 2005.**

Creación de novos establecementos para aldeas de turismo rural

Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se convocan subvencións para os investimentos relativos á rehabilitación ou restauración de construcións que permitan a creación dunha aldea de turismo rural, sempre que polas súas características permitan a oferta de aloxamento, restauración e outros servizos complementarios.

O Diario Oficial de Galiza define como aldea de turismo rural o conxunto de, como mínimo, tres casas situadas no mesmo núcleo rural, que sexan explotadas de forma integrada e pertencen ao mesmo titular.

O prazo de solicitude rematará o vindeiro 30 de xaneiro de 2005.

Mellora da formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario

Orde do 20 de decembro de 2004, publicada no Diario Oficial de Galiza do 28 de decembro, pola que se convocan, para o ano 2005, as axudas para mellorar a formación, xestión e consolidación do asociacionismo agrario en Galiza.

As bases de solicitude destas subvencións son as mesmas que as do ano pasado e rexeranse polo publicado nos DOG correspondentes pola Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural.

O prazo límite para poder realizar solicitudes é de corenta días naturais dende a publicación da presente orde, polo que remata o **6 de febreiro de 2005.**

Fomento do asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola

Orde do 20 de decembro de 2004, publicada no Diario Oficial de Galiza do 28 de decembro, pola que se convocan, para o ano 2005, as axudas para o fomento do asociacionismo na utilización de maquinaria agrícola en Galiza. As bases de solicitude destas subvencións son as mesmas que as do ano pasado e rexeranse polo publicado nos DOG correspondentes pola Consellaría de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. **O prazo límite** para poder realizar solicitudes é de corenta días naturais dende a publicación da presente orde, polo que remata o **6 de febreiro de 2005.**

Axudas para o fomento da contratación de seguros agrarios

Orde do 16 de decembro de 2004, publicada no Diario Oficial de Galiza do 22 de decembro de 2004, pola que se establecen as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2005.

A subscrición do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autorizadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A. (Agroseguro), ou a través dos axentes de seguros autorizados.

Axudas á mellora de explotacións e para a instalación de mozos e mozas

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias e se convocan para o ano 2005.

A presente sección ten por obxecto establecer a convocatoria, para o ano 2005, das axudas para a mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias en Galicia, de acordo coas bases reguladoras previstas na Orde do 7 de xuño de 2002, (Diario Oficial de Galicia nº 113, do 13 de xuño), na sección primeira da Orde do 19 de decembro de 2002 (Diario Oficial de Galicia nº 250, do 27 de decembro) e na sección primeira da Orde do 23 de decembro de 2003 (Diario Oficial de Galicia nº 253, do 31 de decembro) e as modificacións introducidas pola presente orde.

Condicións e finalidade.

1. Para poder acceder ás distintas liñas de axuda (B, A, P e R) previstas no artigo 1º da Orde

do 7 de xuño de 2002, os beneficiarios deberán cumprir os requisitos establecidos respectivamente no artigo 2º da dita orde, para plans de mellora previstos no Real decreto 613/2001; no artigo 9º, para as axudas á primeira instalación de agricultores mozos previstas no dito real decreto; e no artigo 14º para outros plans de mellora; así como as modificacións recollidas no Real decreto 1650/2004, nas ordes do 19 de decembro de 2002, do 23 de decembro de 2003 e na presente orde, en cada caso.

2. As ditas axudas teñen por finalidade a mellora e modernización das explotacións agrarias galegas, no marco do obxectivo establecido nos capítulos I e II do título II do Regulamento (CE) 1257/1999, do Consello, do 17 de maio.

As axudas a investimentos mediante plans de mellora aplicaranse aos fins indicados no artigo 5 do Real decreto 613/2001, coas excepcións contidas no punto 2º do mesmo artigo.

O investimento en adquisición de maquinaria previsto no

plan de mellora, incluído o tractor de ser o caso, poderá chegar ata o 35% do volume máximo de investimento establecido no primeiro parágrafo do artigo 7.1.A), segundo o tipo de petionario e o número de UTA e/ou socios agricultores profesionais.

No caso de investimentos en equipamentos de muxidura, deberán axustarse, no relativo á instalación e funcionamento, ao establecido na norma UNE 68050/98.

No caso de investimentos en equipamentos de refraxeración de leite, deberán cumprir os requisitos da norma UNE-EN 13732/03.

Para os casos de primeiras instalacións de mozos motivadas por cesamento anticipado na actividade agraria; ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo ficará aberto ata o 30 de novembro.

O prazo de presentación de solicitudes comezou ao día seguinte da publicación da orde no DOG (22 de decembro de 2004) e rematará o **5 de marzo de 2005.**

Plan Emega para a integración laboral das mulleres e apoio a emprendedoras

Resolución do 15 de decembro de 2004 sobre subvencións para a creación de empresas de integración laboral da muller como estímulo a mulleres emprendedoras de Galiza (programa Emega). Para mulleres que se establezan como autónomas ou se constitúan baixo unha forma societaria de carácter unipersoal; ou mulleres desempregadas que se unan ou asocien, e creen postos de traballo de, polo menos, dúas das mulleres. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das empresas que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2004 e o 28 de febreiro de 2005.

Axudas

1. As axudas consistirán nunha subvención, e por unha soa vez, que como máximo será de 18.000 euros. Esta subvención non poderá superar o 50% do orzamento total do proxecto reflectido no programa de investimentos deducido o

importe correspondente á provisión de fondos, e a súa concesión será compatible con outros programas elaborados polas administracións públicas, agás que se trate de subvencións do mesmo tipo, concepto e finalidade. A suma total das axudas percibidas para o desenvolvemento do proxecto non pode exceder do 55% do custo total.

2. Estas axudas están destinadas a sufragar gastos derivados da posta en marcha e funcionamento das empresas que teñan o inicio da súa actividade entre o 1 de marzo de 2004 e o 28 de febreiro de 2005. Consideraranse gastos susceptibles de subvención a man de obra empregada na reforma ou adecuación do local, a adquisición de primeiras mercadorías (durante o primeiro mes da actividade) co límite máximo de 3.000 euros, o material funxible, o aluguer do local e maquinaria, os gastos correntes, e os gastos de elaboración do cartel informativo.

O prazo para solicitar estas axudas rematará o 28 de febreiro de 2005.

Mellora da eficiencia de xestión técnico-económica nas explotacións agrarias

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se convocan as axudas para a mellora da eficiencia da xestión técnico-económica das explotacións agrarias para o ano 2005.

Poderáselles conceder ás agrupacións e asociacións agrarias que o soliciten unha axuda para a creación ou incremento de servizos de axuda á xestión das explotacións destinada a contribuír á cobertura dos custos de funcionamento.

Poderán ter acceso a estas axudas as agrupacións e asociacións agrarias nas cuxa forma xurídica sexa a dunha cooperativa, Sociedades Agrarias de Transformación (SAT) ou agrupación de agricultores, formalmente constituída, mediante documento subscrito por todos os seus membros.

O prazo de presentación de solicitudes rematará o día 5 de marzo de 2005.

Indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as indemnizacións por sacrificio obrigatorio de gando nos programas de erradicación de enfermidades animais para 2005.

Poderán ser beneficiarios os titulares dos animais que se sacrifiquen por resultar reaccionantes ás probas de tuberculose bovina e brucelose no gando vacún, ovino e cabrún, ou por ter convivido con animais enfermos e que sexan considerados sospeitosos polos veterinarios; e os titulares dos animais e os seus produtos de calquera especie sacrificados e/ou destruídos por motivos de sospeita e/ou confirmación da presenza dalgunha das encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte da data de publicación da presente orde ata o **21 de novembro de 2005**, incluíndo esta data no cómputo do prazo.

Fomento do asociacionismo agrario e do redimensionamento empresarial

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para fomentar o asociacionismo agrario e o redimensionamento empresarial das entidades asociativas agrarias en Galiza.

A axuda vai dirixida a cooperativas de carácter agropecuario en comarcas ou sectores onde o asociacionismo sexa inexistente ou escasamente desenvolvido; cooperativas de explotación comunitaria da terra e as SAT de explotación en común, que se constitúan para mellorar as condicións de vida e de traballo dos agricultores e gandeiros; as cooperativas e SAT resultantes de procesos de fusión, absorción ou integración; e as cooperativas e SAT que realicen ampliacións do capital social e fondos fixos, admitindo agricultores e gandeiros como novos socios.

As actividades subvencionabeis serán estudos de viabilidade previos, memorias técnicas, estudos socioeconómicos, auditorías e balances de fusión, programas de investimentos e actividades

e outros informes que sexa necesario realizar para avalar a constitución de novas entidades asociativas e os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa que se pretenden levar a cabo, así como os gastos de asesoramento e elaboración de estatutos, tramitación, notario e demais gastos administrativos iniciais.

A contía poderá chegar ata o 80% destes gastos, cun límite máximo de 24.000 euros. Ningún beneficiario poderá recibir axudas por máis de 100.000 euros nun mesmo período de 3 anos.

Tamén se financiarán investimentos que realicen as entidades asociativas para favorecer a transformación e/ou comercialización das súas producións, así como para a ampliación e diversificación produtiva e a conservación do ambiente.

O prazo para rematar os procesos de fusión, absorción ou integración cooperativa, así como a constitución de novas cooperativas e SAT, termina coa finalización do exercicio en curso.

Axudas para a mellora de procesos produtivos agrícolas, actividades complementarias nas explotacións, defensa sanitaria, produción integrada e produción ecolóxica

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para programas agrarios de mellora técnica e desenvolvemento sustentable dos procesos produtivos agrícolas e se convocan para o ano 2005.

As normas contidas nesta orde son de aplicación aos seguintes programas de incentivos:

1. Programas agrarios para a mellora dos procesos produtivos agrícolas.

2. Programas agrarios especiais que comprenden:

2.1. Promoción de iniciativas de desenvolvemento coa creación de actividades alternativas ou complementarias das explotacións.

2.2. Creación e mellora de empresas de servizos agrarios.

2.3. Fomento da produción integrada, da agricultura ecolóxica e doutros programas sanitarios e técnicas de respecto ambiental. Esta sección terceira contén as seguintes liñas específicas.

2.3.I. Programas de defensa sanitaria dos cultivos.

2.3.II. Programas de control integrado dos patóxenos dos cultivos a través de agrupacións para tratamentos integrados en agricultura (ATRIA).

2.3.III. Fomento da produción integrada.

2.3.IV. Fomento da agricultura ecolóxica.

As solicitudes de axuda para a convocatoria de 2005 desta liña de subvencións débense presentar antes do día 10 de febreiro de 2005.

Compensación do lucro cesante pola erradicación de enfermidades

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as compensacións complementarias pola aplicación de programas de erradicación de enfermidades dos animais.

O obxecto desta orde é establecer axudas para compensar o lucro cesante nos casos de inactividade nunha explotación gandeira por motivos de EEB ou outras enfermidades sometidas a programas de erradicación.

Serán beneficiari@s @s titulares das explotacións nas que se sacrificasen de forma preventiva todos os animais ruminantes por motivos de sospeita e/ou confirmación de encefalopatías esponxiformes transmisibles, ou doutra enfermidade sometida a un programa oficial de control e erradicación.

O prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas rematará o **21 de novembro de 2005**.

Axudas á compra de gando para restituir animais mortos en sacrificio obrigatorio

Orde do 21 de decembro de 2004 pola que se regulan e convocan axudas para a compra de gando bovino que teña por obxecto a reposición das reses como consecuencia do sacrificio obrigatorio en execución dos programas de control e erradicación de enfermidades dos animais

En todos os casos, cómpre ter sacrificado obrigatoriamente aqueles animais de especies susceptibles de padecer a enfermidade e que foron diagnosticados positivos; ter efectuado, previamente á reposición dos animais, a limpeza e desinfección da explotación de acordo coa lexislación vixente e as instrucións da autoridade competente; e non estar en ningún dos supostos establecidos no artigo 22 da Orde do 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa.

Unha das condicións que deben cumprir os animais da especie bovina obxecto de subvención é que deberán ter permanecido na explotación de orixe durante un mínimo de 30 días anteriores a súa incorporación á explotación de destino, e procederán de explotacións con cualificación sanitaria e libre de encefalopatías esponxiformes transmisibles.

O prazo de presentación de solicitudes para esta liña de axudas comezou ao día seguinte da data de publicación da presente orde no Diario Oficial de Galiza e estará vixente ata o **21 de novembro do ano 2005**, incluída esta última data no cómputo do prazo.

Axudas para implantar a recollida de subprodutos animais nas explotacións

Orde do 23 de decembro de 2004 pola que se establecen as bases e se convocan as axudas para a implantación dun sistema de recollida de subprodutos animais nas explotacións agrarias.

Estas axudas van destinadas ás explotacións de gando porcino, avícola e cunícola, inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia da Dirección Xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria, así como ás explotacións de gando ovino e cabrún que cumpran coa normativa relativa ás campañas oficiais de saneamento gandeiro.

A contía máxima das axudas poderá chegar ata:

a) Un 40% do prezo do contedor, que se incrementará ata o 50% en zonas desfavorecidas. O número de contedores subvencionables será de 1 por unidade de produción cunha capacidade máxima de 1.000 litros.

b) Un 40% do prezo dos conxeladores, que se incrementará ata o 50% se a explotación se atopa nunha zona desfavorecida. O número máximo de conxeladores subvencionables para cada unha das explotacións avícolas e cunícolas será de 1 por explotación.

O prazo para a xustificación da adquisición dos contedores e dos conxeladores será, como máximo, ata o 30 de xuño de 2005.

O prazo de presentación de solicitudes para poder acollerse a esta liña de axudas rematará tamén o **30 de xuño de 2005**.

Axudas para investir en transformar e comercializar produtos agrarios

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan para o exercicio orzamentario de 2005 as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios do período 2000-2006.

Para poder acceder a estas axudas para os investimentos en transformación e comercialización, deberanse cumprir os requisitos establecidos na Orde do 4 de xuño de 2001 (DOG nº 113, do 12 de xuño) pola que se establecen as condicións de concesión de axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios durante o período 2000-2006, modificada pola Orde do 20 de novembro de 2001, Orde do 12 de febreiro de 2003 e Orde do 29 de abril de 2004.

Estas axudas, teñen por finalidade contribuír aos investimentos en activos fixos materiais para a creación, ampliación e modernización das instalacións situadas en Galiza destinadas á transformación e comercialización de produtos agrarios.

As solicitudes, documentación, procedemento de xestión, e xustificación das axudas serán os establecidos con carácter xeral na Orde do 4 de xuño de 2001, pola que se establecen as condicións de concesión de axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios durante o período 2000-2006.

O prazo para realizar a solicitude da presenta axuda solicitude rematará o vindeiro **1 de abril de 2005**.

Compra - Venda - Troco

VENTAS

Véndese
desensiladora KUN e Renault Laguna.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
tractor John Deere 717 con apeiros.
Chamar ao 982 172 663, ao mediodía

Véndese
carro mesturador de 9 metros con fresa. Seminovo.
Chamar ao 676 414 984

Véndese
herba seca en rolos.
Chamar ao 981 681 103

Véndese
rotativa de 1'65 metros de ancho de corte e cisterna de 3.000 litros.
Chamar ao 677 244 325

Véndese
cargador de 26 metros cúbicos, marca LA CASTA, ¡Impecábel!
Chamar ao 666 667 445

Véndese
circuíto de muxido, marca ALFA LAVAL, con lavado automático. De tres puntos, e con opción a catro. Preguntar por Martín nos teléfonos 982 144 102 e 626 309 186

Véndese
Rodas de cisterna de 1.500 litros, novas. PIRELLI 1M81 10.0-80-12 (850-12) 6.P.R.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

Véndese
explotación agraria: vivenda, nave de vacún de 36 prazas con foxa, almacén de maquinaria, etcétera; e 15 hectáreas de praderías. En Abadín (Lugo).
Chamar aos teléfonos 982 508 233 e 625 834 653

Véndese
mesturador de 10 metros cúbicos do ano 1999.
Chamar ao 666 815 217 608 587 801

Véndese
explotación de 80 ovellas.
Chamar aos teléfonos 988 304 587 ou 669 384 533

Véndese
cisterna de 3.000 litros marca CARRUXO. En bo estado e matriculada.
Chamar ao 982 160 057

Véndese
ensiladora de un rego con dúas campañas de traballo.
Sementadora de herba, marca FIONA, en bo estado.
Chamar ao 659 659 418

Véndese
desensiladora con repartidor, en bo estado. Cospeito (Lugo).
Chamar ao 982 177 454

Véndese
tractor FIAT 90.90 con dobre tracción.
Preguntar por Xosé Lois no teléfono 626 315 059

Véndese
viño do país e augardente na zona de Portomarín.
Chamar ao 982 157 768

Véndese
tractor BARREIROS R 335S en bo estado, coa ITV pasada.
Chamar ao 981 792 392

Véndese
tanque de 1.060 litros, trifásico, dúas muxiduras e catro anos de uso. Na zona de Meira.
Preguntar por Xosé Antonio no 626 331 612

Véndese
explotación de ovellas.
Preguntar por Xosefa ou Manuel nos teléfonos 988 419 112 ou no 988 419 035

Véndese
invernadoiro de 500 metros cadrados.
Preguntar por Ana, a partir das 17.00 horas, no 605 929 232

Véndese
báscula electrónica con impresión para uso de froitaría, carnicaría, etcétera. Na Estrada.
Chamar ao 626 947 266

Véndese
picadora KROHNE e segadora CAMON, seminovas. Preguntar por Carlos no teléfono 982 164 443

Véndese
cuba de zurro de 2.500 litros.
Chamar ao 677 461 844

COMPRAS

Mércase
remolque homologado para coche.
Chamar ao 982 441 370, a partir das 20:30 horas

Mércase
alambique para facer augardente.
Chamar ao 981 362 524 e ao 620 623 027

OUTROS

Necesítase
empregad@ para explotación de leite na zona de Guitiriz, (Lugo).
Requisitos:
-Carné de conducir B1
-Manexo de maquinaria agrícola
-Coñecemento do traballo dunha explotación agrícola
As persoas interesadas poden chamar ao teléfono 982 153 367

Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publicanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitanse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.



Pilar Bello, gandeira de vacún e membro da Comisión Executiva do SLG

Aínda que Pilar Bello milita no SLG dende hai tres lustros, foi a partir do último Congreso cando comezou a desempeñar responsabilidades como membro da Comisión Executiva. Pilar rexenta unha explotación de vacún de leite e carne en Albixoi, Mesía, moi preto da canteira de Lanza onde a Xunta enterrou de xeito irregular máis de trescentas reses en plena crise das vacas tolas. Con ela falamos disto e doutros temas que afectan ás explotacións gandeiras galegas, como o problema da base territorial ou a imposibilidade de moitas explotacións de alimentar á súa facenda sen OXMs.

“A crise das vacas tolas non está aínda superada; máis ben, foi esquecida”

■ **A vostede, como produtora de carne de vacún e veciña de Mesía, colleuna moi de preto a crise das vacas tolas. Que lembra daqueles días, hai agora catro anos?**

Lémbroo con moitos nervios. Cadrou por Nadal e, a pesares de que estabamos en festas, tivemos que facer gardas e durmir na canteira durante máis dunha semana para evitar que seguisen enterrando vacas. De feito, unha noite que non quedamos, aproveitaron as palas para vir traballar.

■ **Cales eran as queixas fundamentais da veciñanza para impedir eses enterramentos?**

Basicamente, que os enterramentos de animais non estaban nin están permitidos pola lei. Moitas queixas viñan tamén porque a escola se atopaba só a catrocentos metros da foxa, da que saían todo tipo de refugallo e botaba un cheirume que, ás veces, facía difícil ata respirar; e iso afectaba directamente á rapazada do colexio.

Outro dos temas que viamos mal era a dobre rapadoira da Administración, que nos impedía enterrar calquera tipo de animal -con independencia de especie, tamaño ou idade- e, de socato, van e soterran aí, ao lado, trescentas vacas.

■ **Que opinión lle merece que o xulgado de Ordes arquive as denuncias contra a Xunta por aquel enterramento?**

Polo que se ve, non hai xustiza. É o que comentaba antes, a nós non se nos permite enterrar nada, nin un becerro acabado de nacer, e a Xunta pode facer barbaridades como soterrar de xeito masivo e sen maiores consecuencias. Se quen fai a lei non a cumpre, como poden agardar que a cumpran os demais?

■ **Como produtora que é, pensa que a crise das vacas tolas está superada?**

Non está aínda superada;



A Pilar Bello, como produtora de carne e veciña de Mesía, tocoulle de cheo a crise da EEB

máis ben está esquecida. A carne non volveu coller prezo dende aquela. Nós de ce-

bo non vendemos moito, pero si podo dicir que os becerros rubios non subiron

este ano das 3'60 euros (seiscientas pesetas) por quilo. Supostamente, ían coller

moita alza grazas ao Xacobeo, pero seguiron moi baixos. Paréceme incríbel que nos sigan pagando a carne a eses prezos, cando despois na carnicería a venden a máis de 2.000 pesetas. Se cadra en Carrefour e outras grandes superficies atópala á metade de prezo, pero bótala na tixola e semella máis un ovo frito ca un bisté.

■ **Están peor que antes da crise das vacas tolas?**

Moito peor. Eu lembro que a finais dos oitenta os becerros vendíanse a 850 pesetas o quilo. E respecto á confianza dos consumidores e das consumidoras, non se volveu vender tanta carne como se vendía antes. De todos xeitos, son tantos os escándalos alimentarios que a xente non pode rexeitar todo e algo ten que comer: vacas tolas, dioxinas e nitrofuranos nos polos, chapapote nos produtos do mar tralo Prestige...

“En Galiza é moi difícil conseguir pensos sen transxénicos para o gando”

■ **Como produtora de leite, como ve a situación do sector na actualidade?**

Os prezos están bastante mal, e a xente aburrida dos altibaixos constantes. Que importa que cho paguen ben durante un par de meses se despois, se cadra, báixancho o que lles peta? Agora o prezo anda polos 35 ou 36 céntimos por litro, que é un prezo aceptábel. Pero, polo que sabemos, para o mes que vén xa nolo van baixar. Ademais, non só hai que contar co prezo a que nos pagan o leite, senón cos custos de produción. Neste senso, cómpre destacar o impacto sobre as nosas rendas que está a ter a suba do gasóleo. E despois, por riba, aínda hai que aturar que che metan transxénicos nos pensos.

■ **Daquela, están a ter problemas tamén cos transxénicos?**

As cooperativas están a meter organismos xeneticamente manipulados a través do millo e da soia, e non hai maneira de evitalo. Eu fixen a proba, e preguntei en varios establecementos comerciais e cooperativas da

zona, e todos che ofrecen pensos con transxénicos. Hoxe é moi difícil conseguir pensos sen OXMs, o que provoca que moitos labregos e labregas que rexeitan este tipo de cultivos non teñan, nin sequera, a posibilidade de elixir unha alimentación para a súa facenda libre de ingredientes manipulados. É posíbel que en Galiza lemos anos alimentando aos nosos animais con transxénicos, pero decatámonos agora pola obriga de teñen os fabricantes de dicilo na etiquetaxe; antes, mesmo che vendían transxénicos como millo ou fariña do país.

■ **O Goberno vai impor o desligamento total das axudas ao sector lácteo a partir de 2006. Que pensa de todo isto?**

O tema das axudas á agricultura da Unión Europea ten un problema básico, e é que o meirande dos cartos van para as explotacións máis grandes. As explotacións medias e pequenas xa non dependemos tanto das axudas; moitas mesmo non chegan a solicitarlas por non ter suficiente base territo-

rial. O máis importante sería acadar un prezo estábel e digno para o leite, moito máis que as axudas.

■ **Acaba de falar da base territorial, unha cuestión moi ligada á política de forestación de terras agrarias promovida pola Xunta.**

Nós temos un grande problema con isto. Os eucaliptos invádeno todo: témolos diante da casa e arrodean as praderías. En Mesía, fíxose unha ordenanza municipal que impedía que as plantacións forestais estivesen a menos de 25 metros dos pastos, pero ninguén a respectou. A consecuencia directa é que temos que limpar ferrados e ferrados de terreo cheos de folla e casca de eucalipto; ademais, a carón das plantacións de eucaliptos, tes sombras constantes e unha marxe de terra de cinco ou seis metros que non che vale para nada: nin sequera nace a herba. O resultado final de todo isto é que as explotacións temos cada vez menos base territorial, o que fai a moitas moi dependentes dos pensos e concentrados alimenticios.